

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Específico Parte teórica" entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "Específico Parte práctica" entre os números E56 e E110 da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. As normas correctas de elaboración e control de calidade de fórmulas maxistrais e preparados oficinais descríbense no:

- A) Real decreto 150/2005, do 9 de marzo.
- B) Real decreto 175/2001, do 23 de febreiro.
- C) Lei 75/1997, do 15 de agosto.
- D) Lei 15/2002, do 19 de setembro.

2. Un recipiente cilíndrico selado con tapa rosca, o cal posúe un pequeno tubo cunha abertura capaz de entregar auga ou calquera líquido que se atope contido no seu interior, en pequenas cantidades chámase:

- A) Pipeta.
- B) Piseta.
- C) Matraz de lavado.
- D) B e C son certas.

3. Como se denomina o sólido que queda retido no filtro?

- A) Filtrado.
- B) Torta.
- C) Medio filtrante.
- D) Efluente.

4. Segundo o portal FEMORA da Consellería de Sanidade, sinala o falso respecto á administración intramuscular:

- A) A administración intramuscular sempre está contraindicada en pacientes con alteración dos mecanismos de coagulación.
- B) No caso de vacinas vivas atenuadas está contraindicado o uso de alcohol ou produtos de base alcohólica.
- C) En neonatos úsase para a desinfección da pel clorhexidina en base acuosa.
- D) En caso de fármacos que irritan o tecido subcutáneo ou poden causar manchas na pel, usar a técnica de inxección intramuscular en Z.

5. Con respecto aos parámetros farmacocinéticos, sinale a opción incorrecta:

- A) A depuración renal mide a cantidade de fármaco eliminado do plasma nun período de tempo.
- B) A ventá terapéutica é a diferenza entre a CME (concentración mínima eficaz) e a CMT (concentración máxima tóxica).
- C) O tempo de vida media é o tempo no que se alcanza a C_{max} (concentración máxima).
- D) A AUC é a área baixo a curva que resulta da representación da concentración plasmática dun fármaco ao longo dun tempo definido.

6. Segundo a Lei de garantías e uso racional do medicamento e produtos sanitarios, NON se considera legalmente como medicamento a:

- A) As fórmulas maxistrais.
- B) Os preparados oficinais.
- C) Os remedios secretos.
- D) As substancias autorizadas para ensaios clínicos e investigación animal.

7. A que utensilio fai referencia a seguinte definición?: “tubo de vidro cunha dilatación seguida dun bulbo pesado no seu extremo que permite que flote en posición vertical cando o introducimos nun líquido”.

- A) Picnómetro.
- B) Frasco de densidades.
- C) Densímetro.
- D) B e C son verdadeiras.

8. En hospitais de máis de 50 camas será obrigatorio:

- A) O servizo de farmacia hospitalaria.
- B) O establecemento dun depósito de medicamentos.
- C) Unha botica de primeiros auxilios.
- D) Servizo de farmacia extra hospitalaria.

9. Cal das seguintes afirmacións con respecto á nutrición é falsa?

- A) A nutrición é un proceso fisiolóxico involuntario e inconsciente.
- B) A nutrición empeza ao mesmo tempo que a alimentación.
- C) A nutrición baséase na transformación das substancias obtidas a través dos alimentos en nutrientes necesarios para o bo funcionamento do organismo.
- D) A nutrición obtén enerxía, repara e regula os procesos metabólicos.

10. Cal das seguintes afirmacións referentes ao Código Nacional (CN) é certa?

- A) O CN dos medicamentos é adxudicado pola AEMPS, o CN dos produtos de Parafarmacia é atribuído polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Farmacéuticos e o CN dos accesorios, dietoterápicos e efectos é asignado pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios.
- B) Os CN dos medicamentos están comprendidos entre 600000.0 e 999999.9.
- C) O CN está formado por 7 díxitos, 6 díxitos significativos e 1 díxito de control.
- D) Todas as respostas son certas.

11. O cuarto nivel do código ATC fai referencia a:

- A) Órgano ou sistema sobre o que actúa o fármaco.
- B) Subgrupo terapéutico.
- C) Subgrupo terapéutico farmacolóxico ou químico.
- D) Nome do principio activo ou da asociación medicamentosa.

12. Que entendemos por evento adverso?

- A) Incidente que produce dano ao paciente.
- B) Aplicar un plan incorrecto e non levar a cabo unha acción planeada.
- C) Calquera actuación na que se fixeron as cousas de forma correcta, pero os resultados foron desfavorables.
- D) Calquera actuación que foi detida, evitando a aparición de posibles consecuencias.

13. Cal é a unidade da densidade no Sistema Internacional (SI)? Escolla unha resposta.

- A) g/cm^3 .
- B) g/ml .
- C) g/m^2 .
- D) Kg/m^3 .

14. A velocidade de absorción dun fármaco depende de todas as seguintes, AGÁS:

- A) Irrigación sanguínea da zona de absorción.
- B) Solubilidade do fármaco.
- C) Forma farmacéutica.
- D) Unión a proteínas plasmáticas.

15. Na esterilización do material utilizado, como constataremos que non quedou aire no interior do autoclave e como consecuencia, a boa penetración de vapor?:

- A) Con indicadores físicos.
- B) Con papel crepado.
- C) Mediante o Test de Bowie–Dick.
- D) Con indicadores mecánicos.

16. Que tipo de influencia estaría exercendo un axente da educación para a saúde a través da súa indumentaria e os seus xestos?

- A) Formal.
- B) Intencionada.
- C) Informal.
- D) Directa.

17. Cal é o real decreto polo que se regula o procedemento de autorización, rexistro e condicións de dispensación dos medicamentos de uso humano fabricados industrialmente?

- A) O RD 1345/2007, do 11 de outubro.
- B) O RD 2259/1994, do 25 de novembro.
- C) O RD 1689/2007, do 14 de decembro.
- D) Ningún é correcto.

18. Os acondicionamentos primarios de medicamentos presentados en forma de blíster e tiras cando estean contidos nunha embalaxe exterior, deberán levar como mínimo a información seguinte, excepto:

- A) Nome do medicamento.
- B) Número de lote de fabricación.
- C) Contido en volume.
- D) Nome do titular da autorización de comercialización do medicamento.

19. Cal é a norma pola que se regulan os almacéns farmacéuticos e a distribución por xunto de medicamentos de uso humano e produtos farmacéuticos?

- A) RD 1689/2007, do 14 de decembro.
- B) RD 2259/1994, do 25 de novembro.
- C) RD 1/2015, do 24 de xullo.
- D) RD 639/2014, do 25 de xullo.

20. A pauta de administración ha de indicar a vía, a dose, a frecuencia e a duración do tratamento. Dentro da administración intravascular non atopamos a vía:

- A) Intravenosa.
- B) Intralinfática.
- C) Intraarterial.
- D) Intramedular.

21. Que significa que o material volumétrico leve impresa a marca "In"? Escolla unha resposta.

- A) Está axustado por vertedura.
- B) Está axustado por contido.
- C) Que o volume vertido corresponde á cantidade de líquido contido.
- D) Son correctas A e C.

22. Dentro dos almacéns especiais do servizo de Farmacia Hospitalaria atopámonos con:

- A) Almacén de contrastes radiolóxicos.
- B) Almacén de materias primas.
- C) Almacén de líquidos de diálise.
- D) Almacén de produtos termolábeis.

23. Segundo a Lei de Autonomía do paciente (Lei 41/2002, de 15 de novembro), o titular do dereito á información é:

- A) O paciente e as persoas vinculadas a el por razóns familiares.
- B) O paciente.
- C) O paciente e as persoas vinculadas a el por razóns de feito.
- D) O paciente e as persoas vinculadas a el por razóns familiares ou razóns de feito.

24. A Orde que aproba o Formulario Nacional é:

- A) A Orde SSI/23/2015.
- B) A Orde SCO/3123/2003.
- C) A Orde SCO/3262/2003.
- D) A mesma que aproba a 2ª edición da Real Farmacopea Europea.

25. Un produto a granel é:

- A) Produto que pasou por todas as fases de preparación excepto o acondicionamento final.
- B) Toda substancia activa ou inactiva empregada na fabricación dun medicamento, xa permaneza inalterada, se modifique ou desapareza no transcurso do proceso.
- C) Medicamento elaborado e garantido por un farmacéutico, dispensado na súa oficina de farmacia e destinado á súa entrega directa aos enfermos aos que abastece a devandita farmacia.
- D) Medicamento que pasou por todas as fases de preparación incluíndo o seu acondicionamento no envase final.

26. Para determinar a viscosidade dos líquidos newtonianos e non newtonianos utilizaremos:

- A) Un viscosímetro capilar.
- B) Un viscosímetro rotatorio.
- C) A e B son correctas.
- D) Ningunha é correcta.

27. Son medicamentos:

- A) Os medicamentos de uso humano e uso veterinario elaborados industrialmente.
- B) As fórmulas maxistrais.
- C) Os preparados oficinais.
- D) Todas son correctas.

28. Dentro das vías de administración dos fármacos, cal das seguintes non é usada para a administración de fármacos no sistema nervioso:

- A) Inraneural.
- B) Epidural.
- C) Intramedular.
- D) Todas son vías usadas para a administración dos fármacos no sistema nervioso.

29. Liofilización. O punto triplo do diagrama de estados da auga. Escolla unha resposta:

- A) Indica as condicións nas que coexisten os tres estados en equilibrio.
- B) Indica a temperatura de condensación.
- C) Indica a presión de solidificación.
- D) Indica as condicións de sublimación.

30. A definición "Temperatura requirida para reducir nun 90% os microorganismos, sobre un obxecto determinado nun tempo concreto", corresponde a:

- A) Valor Z.
- B) Valor C.
- C) Valor D.
- D) Valor T.

31. Con respecto aos almacéns especiais, non é certo que:

- A) O almacén de inflamables debería estar en estancias externas ao servizo de farmacia.
- B) Os psicótropos teñen que ir obrigatoriamente nun armario destinado a eles e illados dos demais medicamentos.
- C) Os produtos termolábeis deberán ser colocados en dous almacéns.
- D) Os estupefacientes deben estar nun armario que permita poñelos baixo chave.

32. Os servizos de farmacia hospitalaria están regulados segundo a lexislación vixente por:

- A) Lei de hospitais do 21 de xullo de 1962.
- B) Orde do 1 de febreiro de 1977.
- C) Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional de medicamentos e produtos sanitarios.
- D) Todas son correctas.

33. Cando o farmacéutico proporciona información sobre a saúde e estilos de vida saudables, denomínase:

- A) Educación sanitaria.
- B) Promoción da saúde.
- C) Fomento da saúde.
- D) Ningunha é correcta.

34. A pauta de administración dun fármaco debe individualizarse tendo en conta as características fisiolóxicas, iatroxénicas e patolóxicas que poidan alterar a resposta ao tratamento e debe ter en conta os seguintes aspectos, excepto:

- A) Características farmacocinéticas do fármaco e factores que poidan alteralas.
- B) Vía de administración.
- C) Conveniencia de facilitar o cumprimento terapéutico.
- D) Conciliación do tratamento.

35. Dos seguintes residuos sanitarios, cales corresponden á clase III?

- A) Residuos de vacinas con axentes vivos ou atenuados.
- B) Filtros de alta eficacia das campás de fluxo laminar.
- C) Residuos específicos da actividade sanitaria.
- D) A e B son certas.

36. Cal dos seguintes alimentos se pode tomar de forma ocasional segundo a pirámide da Sociedade Española de Nutrición Comunitaria (2015)?

- A) Garavanzos.
- B) Arroz.
- C) Queixo.
- D) Viño.

37. A Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios clasificará o medicamento como:

- A) Medicamento suxeito a prescrición médica e medicamento non suxeito a prescrición médica.
- B) Medicamento con receita e medicamento sen receita.
- C) Medicamento suxeito a receita e medicamento non suxeito a receita.
- D) Todo é certo.

38. A determinación do signo da emulsión:

- A) É un procedemento de control de produto recollido no FN co código PN/L/CP/002/00.
- B) Utilízase para o control de calidade de emulsións cando se elaboran por lotes.
- C) Cando se realiza polo método da dilución, se a emulsión é de fase externa acuosa, a auga enturbarase.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

39. A través de que accións se realiza a Educación para a Saúde?

- A) A través do saneamento ambiental.
- B) A través da atención médica.
- C) A través da prevención primaria, secundaria e terciaria.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

40. Á hora de rexistrar unha materia prima, entre os datos mínimos de identificación da mesma non se atopa:

- A) Data de recepción.
- B) Lote.
- C) Número de rexistro do proveedor.
- D) Nome do produto.

41. As vías parenterais son vías cruentas, teñen unhas limitacións debidas aos pacientes e aos fármacos; así mesmo teñen vantaxes que determinan o seu uso tanto na Atención Primaria como Hospitalaria. Sinala un inconveniente:

- A) Algunhas pódense usar en situacións de urxencia para o paciente, como a intravenosa.
- B) Algunhas permiten a autoadministración por parte do paciente, como a subcutánea.
- C) Algunhas teñen limitación en canto ao volume administrado en bolo, como a subcutánea, que non admite xeralmente mais de 3 ml.
- D) Algunhas permiten a administración de fármacos en infusión continua ou intermitente ou no bolo, como a subcutánea.

42. Dos seguintes materiais de vidro non se considera material volumétrico:

- A) Buretas.
- B) Matraz aforado.
- C) Matraz erlenmeyer.
- D) Probetas.

43. As fases dun sistema disperso heteroxéneo sempre son: Escolla unha resposta.

- A) Miscibles.
- B) Inmiscibles.
- C) Lipófilas.
- D) Ningunha é correcta.

44. Cal das seguintes non é unha vía de transmisión por contacto indirecto?

- A) Vectores como os artrópodos.
- B) Gotas de flügge (100 mcg aprox.).
- C) Fómites.
- D) Núcleos goticulares de Wells (1–10 mcg aprox.).

45. Sinala o certo:

- A) Embalaxe exterior: embalaxe no que se atopa o acondicionamento primario.
- B) Acondicionamento primario: o envase ou calquera outra forma de acondicionamento que se atope en contacto directo co medicamento.
- C) Medicamentos especiais: son aqueles medicamentos que requiren un tratamento especial a efectos de demostrar a súa calidade, seguridade e eficacia.
- D) Todo é certo.

46. O Real decreto 726/1982, do 17 de marzo, polo que se regula a caducidade e devolucións das especialidades farmacéuticas aos laboratorios farmacéuticos, indica como motivo de devolución:

- A) Achegarse a data do límite da súa validez.
- B) A suspensión temporal da comercialización dunha especialidade farmacéutica legalmente autorizada.
- C) Ter feito unha compra superior á necesidade esperada.
- D) A deterioración ao non ter en conta as condicións de conservación por parte do persoal que o recepcionou e colocou.

47. Que tipo de prevención poñen de manifesto os screenings ou exames de saúde (como o de detección de cancro de mama realizado polo Sergas)?

- A) Primaria.
- B) Secundaria.
- C) Terciaria.
- D) Todo o anterior.

48. Os medicamentos biotecnolóxicos son:

- A) Medicamentos empregados na medicina tecnolóxica.
- B) Obtidos por técnicas de enxeñería xenética.
- C) Medicamentos formados por isótopos radioactivos.
- D) As respostas A e C son correctas.

49. No proceso de dispensación de medicamentos en doses unitarias, a secuencia de acción é:

- A) Prescrición, transcrición, validación, enchido de carros, comprobación, envío a planta.
- B) Prescrición, enchido de carros, transcrición, validación, comprobación, envío a planta.
- C) Prescrición, comprobación, validación, enchido de carros, validación, envío a planta.
- D) Prescrición, validación, transcrición, comprobación, enchido de carros, envío a planta.

50. A ciencia que estuda os polimorfismos xenéticos que presentan diferentes encimas metabolizadoras de fármacos e que pode dar lugar a diferente resposta interindividual, denomínase:

- A) Farmacocinética.
- B) Farmacoxenética.
- C) Farmacodinamia.
- D) Farmacognosia.

51. Exactitude é o grao no cal:

- A) O valor que ofrece a medida repetida varias veces é sempre o mesmo.
- B) Achegámonos ao valor real ou verdadeiro cando efectuamos unha medida.
- C) A medida é unha magnitude exacta.
- D) Todas as anteriores son correctas.

52. A zona do laboratorio de farmacotecnia dispoñerá de: Escolla unha resposta.

- A) Obrigatoriamente 200 m².
- B) Unha zona diferenciada onde colocar os recipientes e utensilios pendentes de limpeza.
- C) Unha superficie de traballo suficiente, de material liso e permeable, fácil de limpar e desinfectar, inerte a colorantes e substancias agresivas.
- D) B e C son verdadeiras.

53. Cal das seguintes aplicacións informáticas son de xestión e control de almacén?

- A) Fides.
- B) Symphos.
- C) Recex.
- D) Sinasp.

54. Que variable determina en maior medida a saúde do individuo, segundo a clasificación formulada por Lalonde (1974) e universalmente aceptada?

- A) O estilo de vida.
- B) A bioloxía humana.
- C) O medio ambiente.
- D) O sistema de asistencia sanitaria.

55. Toda substancia ou combinación de substancias que se presente como posuidora de propiedades para o tratamento ou prevención de enfermidades en seres humanos, ou que poida usarse ou administrarse a seres humanos co fin de restaurar, corrixir ou modificar as funcións fisiolóxicas exercendo unha acción farmacolóxica, inmunolóxica ou metabólica, ou de establecer un diagnóstico médico, é a definición de:

- A) Principio activo ou substancia activa.
- B) Medicamento.
- C) Fármaco.
- D) A e C son certas.

56. Nunha excursión de verán, varios amigos colaboran para preparar a cea, cal deles NON está tendo en conta as recomendacións da OMS para unha correcta conservación dos alimentos?

- A) Antonio separa os alimentos crus dos cociñados.
- B) Valentina ferve a sopa para asegurarse de que acada os 70°C.
- C) Jose lava os pratos e as potas que van usar, así como tamén desinfecta a mesa onde van comer.
- D) Lucía baixa ao río que pasa á beira para facer provisión de auga para cociñar e beber.

57. Hoxe tócanos realizar un ciclo de esterilización por calor seca. Ao ler o protocolo de esterilización, indícanos que debemos utilizar un control biolóxico. Que espora se utilizaría neste control biolóxico?

- A) *Geobacillus stearothermophilus*.
- B) *Bacillus pumilus*.
- C) *Bacillus atrophaeus*.
- D) Ningunha é certa.

58. Recopilando datos de carácter persoal nunha enquisa, indícase aos participantes que un dos seguintes datos non está especialmente protexido pola lei, cal deles?

- A) Relixión.
- B) Saúde.
- C) Número de traballador/a.
- D) Afiliación política.

59. Durante a xornada de hoxe, na sección de Farmacotecnia elabórase un colirio con mitomicina. Sinale o correcto:

- A) A elaboración do colirio lévase a cabo na cabina de bioseguridade.
- B) A administración do colirio realízase desde o ángulo externo do ollo ao ángulo interno.
- C) O efecto do colirio pode ser local ou sistémico.
- D) Cando sexa necesario instilar gotas de varios colirios, administraranse con 3 minutos ou menos de diferenza entre elas.

60. Hoxe o noso compañeiro Juan dispónse a facer unha solución de sulfato de cobre ao 0,1%. Necesita 60 ml de auga purificada. Ao medir nunha probeta o volume de auga necesaria, Juan debe comprobar:

- A) O punto máis alto da superficie de líquido, debe tocar o bordo inferior da división da escala.
- B) O punto máis alto da superficie de líquido.
- C) O punto máis baixo da superficie de líquido.
- D) O punto máis baixo da superficie de líquido, debe tocar o bordo inferior da división da escala.

61. Martín recepciona no seu lugar de traballo do almacén da farmacia hospitalaria da súa cidade fármacos cuxa recomendación é "manter refrixerado". Cal é a temperatura que debe marcar a neveira onde os garda?

- A) Entre 2°C e 15°C.
- B) Entre -2°C e 8°C.
- C) Entre 2°C e 8°C.
- D) Entre -2°C e 15°C.

62. A biodisponibilidade da digoxina oral é 0,7. Se administro a un paciente 1 comprimido de 250 mcg, cal será a cantidade que chega á circulación sistémica?

- A) Non se pode calcular.
- B) 175 mcg.
- C) A mesma que se utilizase unha ampola de 250 mcg administrada por vía intravenosa.
- D) Son correctas B e C.

63. Nun curso sobre precaucións nas enfermidades transmisibles dirixido aos sanitarios dun hospital, pónse de manifesto que a medida máis importante é:

- A) O uso de luvas.
- B) O illamento da persoa infectada.
- C) O lavado de mans.
- D) O uso de EPIs.

64. O procedemento para a autorización dun "botiquín", pódese solicitar?

- A) Un farmacéutico titular dunha oficina de farmacia.
- B) O alcalde do municipio.
- C) A Administración sanitaria.
- D) Todas son correctas.

65. Ana é unha muller con antecedentes de diabetes e dislipemia que se atopa no terceiro mes de embarazo e desexa saber que medicamentos están contraindicados para o seu estado. Cal dos seguintes medicamentos recomendaríalle evitar porque pertence á categoría X da FDA?

- A) Heparinas de baixo peso molecular.
- B) Vacina da hepatite B.
- C) Estatinas.
- D) Insulina.

66. Nos produtos de oficina de farmacia figura:

- A) As siglas CN.
- B) Un número de sete cifras.
- C) Poden tamén levar as siglas CE.
- D) Todas son correctas.

67. Amalia é unha sanitaria que traballa na promoción da saúde, en que ámbito pode aplicar a educación para a saúde?

- A) Na escola.
- B) No traballo.
- C) Na comunidade.
- D) En todos os anteriores.

68. Xoan traballa como TEF no Servizo da Farmacia Hospitalaria, para realizar as tarefas propias da súa profesión ha de coñecer que cada unha das combinacións nas que o medicamento está disposto para a súa utilización incluíndo composición, forma farmacéutica, dose e formato, é a definición de:

- A) Medicamento.
- B) Presentación.
- C) Especialidade farmacéutica.
- D) Nada do anterior é certo.

69. Es una especialidad de diagnóstico hospitalario (sinale a resposta incorrecta):

- A) Tasigna caps.
- B) Adalimumab.
- C) Etanercept.
- D) Ertapenem.

70. Belén, como Técnico do Servizo de Farmacia hospitalaria, coñece que o contido do principio activo, expresado en cantidade por unidade de toma, por unidade de volume ou de peso en función da presentación, é a definición de:

- A) Dose do medicamento.
- B) Posoloxía.
- C) Orde do tratamento.
- D) Dose do principio activo ou substancia activa.

71. Que tipo de prevención se leva a cabo nas campañas de vacinación contra a gripe realizadas polo Sergas anualmente?

- A) Primaria.
- B) Secundaria.
- C) Terciaria.
- D) Todas as anteriores.

72. Sinale cal destes medicamentos é psicótropo:

- A) Zolpidem.
- B) Fenobarbital.
- C) ketazolam.
- D) Todos son psicótropos.

73. Carlos sabe que un risco para o paciente, na administración da Citarabina, é a posible extravasación. Sinale o certo respecto á administración intravenosa deste fármaco:

- A) O mellor tratamento para a extravasación dos quimioterápicos é a prevención.
- B) Sempre se usan antídotos nas extravasacións de quimioterápicos.
- C) A administración intravenosa sempre é mediante infusorios elastoméricos.
- D) Ningunha opción é correcta.

74. Paciente de 56 anos que chega ao servizo de urxencias por mareos, vómitos e sudoración. Despois de realizarlle o primeiro recoñecemento extráenlle mostras para o seu envío ao laboratorio. Unha vez no laboratorio, que debemos facer?

- A) Todas as mostras déixanse a temperatura ambiente.
- B) A mostra que chega debe desbotarse unha vez realizado a análise.
- C) Tómase unha alicuota da mostra e analízase.
- D) O almacenamento non é importante, xa que se desbota rápidamente.

75. Dispoñémonos a calcular o peso dunha substancia e para iso utilizaremos unha balanza de precisión, como mínimo, de:

- A) 0,1 mg.
- B) 0,1 g.
- C) 1 mg.
- D) 0,01 mg.

76. Como se denomina a operación básica farmacéutica cuxa finalidade é desfacer os aglomerados que se producen por forzas de atracción de tipo secundario ou mecánico nos produtos purulentos?

- A) Peneirado.
- B) Desagregación.
- C) Misturado.
- D) Homoxenización.

77. Isabel coñece os riscos dalgúns dos fármacos quimioterápicos, tanto na prevención como na administración. Para diminuír o efecto deses riscos úsase na preparación ou na administración dos mesmos o seguinte:

- A) Preparación en cabina de bioseguridade clase II A.
- B) Uso de sistemas pechados de transferencia na preparación e a administración.
- C) Presenza de kit de derrame e extravasación na zona de preparación da área de Farmacotecnia.
- D) Todo é certo.

78. Se desexamos administrarlle a un paciente 1000 mililitros de soro fisiolóxico en 24 horas, a velocidade de perfusión, expresada en gotas/minuto, será aproximadamente de:

- A) 42 gotas/minuto.
- B) 14 gotas/minuto.
- C) 20 gotas/minuto.
- D) 25 gotas/minuto.

79. Zoe é unha técnica de farmacia que o día 26 do mes actual está levando a cabo o control de caducidades. Cal é a actuación correcta?

- A) Deixar os fármacos que caducan ese mes no seu sitio cunha nota identificativa da data de caducidade.
- B) Retiralos da súa ubicación actual e tiralos ao caldeiro de fármacos a destruír.
- C) Cubrir un impreso de "relación de medicamentos caducados" e retiralos da súa posición actual colocándoos nunha zona habilitada para as especialidades caducadas.
- D) Retirar os estupefacientes que caducan no mesmo mes e colocalos na zona de especialidades caducadas.

80. Cal dos seguintes pasos que debemos realizar é exclusivo do procedemento de elaboración de solucións e non se aplica para a elaboración de suspensións?

- A) A pesada.
- B) A axitación.
- C) A pulverización.
- D) O filtrado.

81. María é unha técnica de farmacia que participa nunha campaña de concienciación de hábitos de vida saudables. En que ámbito debería incidir con máis interese e realizar unha boa educación sanitaria?

- A) Un colexio maior onde a base da dieta é, na súa maioría, carnes vermellas e produtos procesados.
- B) Unha asociación de veciños que adican 1 hora ao día a camiñar e realizar exercicios físicos.
- C) Un grupo da terceira idade nun local social que levan a cabo un taller de benestar emocional.
- D) Un grupo de adolescentes que acoden a un curso de cociña no que se lles imparten técnicas culinarias saudables.

82. Se diluímos unha mostra a 1/4, entón tomaremos:

- A) Unha parte de mostra con catro partes de diluente.
- B) Unha parte de mostra con tres partes de diluente.
- C) Unha cuarta parte de mostra e diluirémola con catro partes de diluente.
- D) Unha parte de diluente e catro de mostra.

83. Ten que facer unha fórmula maxistral a un paciente: 2,5 g de ácido salicílico en 50 g de vaselina filante. A que concentración sería a fórmula?

- A) 2,5%.
- B) 5%.
- C) 10%.
- D) 20%.

84. Que especialidade é de TLD?

- A) Insulinas.
- B) Captopril comp.
- C) Diltiazem comp.
- D) Todas son especialidades TLD.

85. Tres pacientes con diferentes patoloxías reciben tratamento con ceftriaxona. Tendo en conta a localización do foco e a dificultade de acceso do antibiótico, cal cre que requiriría unha dose máis elevada?

- A) Meninxite.
- B) Infección urinaria.
- C) Bacteriemia (sangue).
- D) Utilizaría a mesma dose en todas.

86. Son fármacos que atoparemos nun carro de parada, excepto:

- A) Adrenalina.
- B) Atropina.
- C) Amiodarona.
- D) Atorvastatina.

87. Samuel é o encargado de levar a xestión de existencias no seu centro de traballo. Cal dos seguintes métodos de valoración de existencias é o máis recomendable?

- A) Precio medio ponderado.
- B) FIFO.
- C) LIFO.
- D) FEFO.

88. Indica a masa dun corpo cuxo volume é de 10 cm^3 e a súa densidade $1,2 \text{ g/cm}^3$.

- A) 1,2 g.
- B) 12 g/cm^3 .
- C) 12 g.
- D) 120 g.

89. Dos seguintes casos, en cal non se outorgará o consentimento por representación?

- A) No de Juan, un señor maior, cuxa familia refire nos últimos meses desorientación e incapacidade para tomar decisións da vida diaria.
- B) No de Matías, un neno de 14 anos, que aínda non ten o grao de madurez necesario para entender a súa situación.
- C) No de Patricia, incapacitada legalmente dende fai anos por un trastorno mental.
- D) No de Alejandro, un mozo de 17 anos que está emancipado dende os 16.

90. Comprobando o rexistro de temperaturas, observamos que se producen variacións nas gráficas e un dos termómetros márcanos unha temperatura de $98,6 \text{ }^\circ\text{F}$. A cantos graos centígrados equivalen?

- A) 25° C .
- B) 38° C .
- C) 37° C .
- D) 40° C .

91. Nas tarefas que desempeña María, non manipula medicamentos publicitarios; en relación cos mesmos podemos dicir que as siglas, que segundo a normativa deben levar os medicamentos obxecto de publicidade, son:

- A) EFP.
- B) EFG.
- C) EPF.
- D) Nada é certo.

92. Os técnicos de farmacotécnica dunha farmacia hospitalaria van preparar as peticións de FFMM do día para dispensar aos distintos servizos do hospital. Que documento técnico recopilatorio, de carácter oficial, recolle os principios de calidade que deben cumprir os principios activos e os excipientes?

- A) Guía Terapéutica Hospitalaria.
- B) Formulario Nacional.
- C) Real Farmacopea Española.
- D) Vademécum.

93. En relación ás emulsións W/O nun preparado que vostede está elaborando, sinale a resposta correcta:

- A) Son de fase interna oleosa.
- B) Son moi estables.
- C) Teñen unha soa fase.
- D) Son de fase externa oleosa.

94. Unha vez preparado o material necesario para facer unha fórmula maxistral, o farmacéutico dinos que falta unha micropipeta para medir 0,004 ml dunha solución. Que micropipeta debemos utilizar?

- A) Micropipetas de 0,5 microlitros.
- B) Micropipetas de 5 microlitros.
- C) Micropipetas de 50 microlitros.
- D) Micropipetas de 500 microlitros.

95. Felipe sabe que nun sistema de microgoteo para a administración do fármaco por vía intravenosa, 8 ml son:

- A) 160 gotas.
- B) 480 gotas.
- C) A e B son correctas.
- D) Todo é falso.

96. Pilar sabe que os incidentes cos medicamentos son frecuentes na práctica asistencial e deben existir medidas que tenten evitalos ou minimizalos. Como se denomina a un suceso imprevisto durante a asistencia sanitaria que causa a morte ou graves danos físicos ou psicolóxicos ou ten risco de causalos?

- A) Incidente.
- B) Incidente con dano.
- C) Evento Centinela.
- D) Ningunha resposta é correcta.

97. Lidia é unha técnica de farmacia que vai presentar un tema de conservación de medicamentos termolábeis aos seus compañeiros a través dunha charla, como se clasificaría este método de educación sanitaria?

- A) Unidireccional directo.
- B) Unidireccional indirecto.
- C) Bidireccional directo.
- D) Bidireccional indirecto.

98. Á hora de realizar unha solución tópica de ácido acético 5%, cal sería a precaución que se debe tomar no manexo adecuado de reactivos?

- A) Cando deba diluírse un ácido, nunca se engade o ácido sobre a auga, senón ao contrario, engádesse a auga sobre o ácido, aos poucos e con axitación.
- B) Tapar inmediatamente o frasco unha vez extraído o reactivo.
- C) Devolver ao frasco orixinal calquera exceso de reactivo ou de disolución.
- D) A e B son correctas.

99. As especialidades farmacolóxicas que conteñen substancias do anexo II ou das listas II, III e IV do anexo I, do Convenio Internacional de Viena, son especialidades:

- A) Psicotrópicas.
- B) Estupefacientes.
- C) De uso hospitalario.
- D) De diagnóstico hospitalario.

100. En que sección do servizo de farmacia hospitalaria se envasan e se etiquetan os medicamentos?

- A) Área de dispensación.
- B) Área de farmacotécnica.
- C) Área de xestión.
- D) Área de farmacovixilancia.

101. Que residuos dos seguintes debe incinerar Andrea no seu laboratorio?

- A) Clase IIa.
- B) Clase IIb.
- C) Clase III.
- D) Clase IV.

102. Durante a xornada de traballo, a miña compañeira sofre unha salpicadura nun ollo cun produto químico. Cal sería o primeiro paso que debería seguir ante este accidente laboral?

- A) Quitar a roupa salpicada.
- B) Acudir ao servizo de urxencias.
- C) Lavar con auga ou soro fisiolóxico durante 15 minutos.
- D) Chamar ao servizo de riscos laborais.

103. Para a realización dun colirio de CLORHEXIDINA 0,02%, será necesaria a utilización dun filtro de:

- A) 0,12 μm .
- B) 0,5 μm .
- C) 0,22 μm .
- D) 0,05 μm .

104. Ante a inminente apertura dun centro hospitalario, cuestiónase se é obrigatorio que dispoña dun servizo de farmacia:

A) Si, se é un hospital que dispoña de 100 ou máis camas.

B) Si, de tratarse dun hospital que dispoña de menos de 100 camas, se pola súa tipoloxía e volume de actividade asistencial implica unha especial cualificación no emprego de determinados medicamentos establecidos regulamentariamente.

C) As respostas A e B son correctas.

D) As respostas A e B son falsas.

105. No noso laboratorio cantas gotas teríamos en 2 ml dunha solución de NaCl?:

A) 20.

B) 40.

C) 10.

D) 100.

106. Sinale a resposta incorrecta respecto á elaboración de protocolos de atención farmacéutica:

- A) Serven para vixiar a axeitada automedicación dos pacientes.
- B) Son documentos elaborados polo titular da farmacia.
- C) Son documentos escritos cunha serie ordenada de actuacións a realizar, perante a manifestación na farmacia por parte dun cidadán, de padecer unha determinada patoloxía ou síntoma.
- D) Terán como obxectivo unificar criterios de actuación en orde a orientar a decisión do paciente e serán elaborados co fin de atender as consultas que se lle expoñan ao farmacéutico.

107. Marta é unha técnica en farmacia que acaba de chegar ao laboratorio de farmacia. É o seu primeiro traballo e decide botarlle unha ollada ao material volumétrico. En canto á medición de volumes, que debe saber Marta?

- A) Só se realiza para materias primas en estado líquido.
- B) Os instrumentos que miden o volume vertido levan a gravación TC.
- C) A exactitude na medición é independente da temperatura.
- D) O material de vidro volumétrico satisfai os requisitos da Clase A das Normas Internacionais publicadas pola Organización Internacional de Normalización.

108. Dispoñémonos a realizar unha formulación e para iso contamos cos seguintes compoñentes:

Parafina líquida 56,0 g; Palmitato de cetilo 12,5 g; Cera branca de abella 12,0 g; Bórax 0,5 g; Auga purificada c.s.p. 100,0 g.

Unha vez examinados os compoñentes, podemos comprobar que estamos ante unha emulsión:

- A) Cuxo compoñente maioritario é un líquido polar.
- B) Cuxa fase externa é acuosa e fase interna oleosa.
- C) Unha emulsión O/A.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

109. Sinale a resposta incorrecta. Para a dispensación de especialidades farmacéuticas psicotrópicas é necesario:

- A) Receita médica.
- B) DNI.
- C) Receita oficial.
- D) As respostas A e B son correctas.

110. Soledad é unha mestra que traballa os temas transversais da Educación para a Saúde cos seus alumnos de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria. Cal NON sería un tema transversal establecido pola lei no marco educativo?

- A) Educación do consumidor.
- B) Educación relixiosa.
- C) Educación vial.
- D) Educación moral e cívica.